

## ANEXO

Modificación do anexo do Real decreto 956/2002,  
do 13 de setembro

Substancia	Condições de uso	
	Todos os dietéticos	Só en alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais
Categoría 1. Vitaminas. O encabezamento «Ácido fólico» substitúese por «Folato», e engádesse a liña seguinte: L-metilfolato cálcico . . . . .	X	
Categoría 2. Minerais. Baixo o encabezamento «Magnesio» engádesse a liña seguinte: L-aspartato magnésico . . . . .		X
Baixo o encabezamento «Ferro» engádesse a liña seguinte: Bisglicinato ferroso . . . . .	X	

MINISTERIO DE TRABAJO  
E ASUNTOS SOCIAIS

**9689** REAL DECRETO 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia garantido pola Administración xeral do Estado. («BOE» 114, do 12-5-2007.)

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece no artigo 7 que a protección da situación de dependencia se prestará de acordo cos seguintes niveis de protección: un nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado, un nivel de protección acordado entre a Administración xeral do Estado e cada unha das comunidades autónomas e un nivel adicional que poden establecer, pola súa parte, as comunidades autónomas con cargo aos seus orzamentos.

O artigo 9 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, dispón que o Goberno, oído o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, determinará o nivel mínimo de protección garantido para cada un dos beneficiarios do sistema, segundo o grao e nivel da súa dependencia, como condición básica de garantía do dereito á promoción da autonomía persoal e atención á situación de dependencia. O artigo 32.2 establece, canto ao seu financiamento, que a Administración xeral do Estado asumirá o custo deste nivel de protección.

O nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado, que este real decreto regula, contribúe ao financiamento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, facendo posible o acceso ás prestacións de dependencia en condicións de igualdade en todo o territorio do Estado.

Corresponde ás comunidades autónomas a xestión dos recursos económicos que constitúen este nivel mínimo de protección, mediante o recoñecemento do grao e nivel

de dependencia e a provisión dos servizos e prestacións para a promoción da autonomía persoal e atención á dependencia.

O obxecto, por tanto, desta disposición é regular o nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado.

Este real decreto someteuse á consulta do Comité Consultivo, do Consello Estatal de Persoas Maioras, do Consello Nacional da Discapacidade e do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social, e recibíuse informe do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Esta norma dítase en uso da facultade conferida ao Goberno na disposición derradeira sétima da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, con informe do Ministerio de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e despois da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de maio de 2007,

## DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer a regulación do nivel mínimo de protección proporcionado pola Administración xeral do Estado ao Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Artigo 2. *Niveis de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia e achega da Administración xeral do Estado para o seu financiamento.*

1. A participación da Administración xeral do Estado adecuarase ás previsións do artigo 7 da Lei 39/2006, para os seguintes niveis de protección:

- O nivel de protección mínimo establecido pola Administración xeral do Estado.
- O nivel de protección que se acorde entre a Administración xeral do Estado e a administración de cada unha das comunidades autónomas a través dos convenios previstos no artigo 10 da lei.

2. A Administración xeral do Estado proporcionará o financiamento necesario para a cobertura do nivel de protección mínimo a que se refire o artigo 9 da lei, consonte o previsto no artigo 3 deste real decreto.

3. Igualmente, a Administración xeral do Estado porá ao dispor das comunidades autónomas, a través dos correspondentes convenios, o financiamento resultante das previsións anuais da Lei de orzamentos xerais do Estado, unha vez aprobadas mediante real decreto as intensidades dos servizos, a compatibilidade e incompatibilidade entre eles e a contía das prestacións económicas dos niveis mínimo e acordado a que se refiren os artigos 10.3 e 20 da lei.

4. Así mesmo, a Administración xeral do Estado asumirá as cotizacións correspondentes á seguranza social dos coidadores non profesionais a que se refire o artigo 18.3 da lei.

Artigo 3. *Configuración do nivel mínimo de protección.*

1. O nivel mínimo de protección da situación de dependencia, previsto no artigo 7.1 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, garántese mediante a fixación dunha cantidade económica que a Administración xeral do Estado achega ao financiamento do sistema por cada un dos beneficiarios recoñecidos como dependentes segundo o seu grao e nivel, para as prestacións de dependencia previstas no seu programa individual de atención.

2. Este nivel mínimo de protección será financiado integramente pola Administración xeral do Estado nos termos establecidos no artigo 32 da citada lei, a cargo dos recursos previstos anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado para a súa transferencia ás comunidades autónomas.

3. O nivel mínimo de protección para cada beneficiario do sistema será o equivalente á cantidade fixada para cada grao e nivel de dependencia, que se determinará anualmente segundo o calendario de aplicación progresiva establecido na disposición adicional primeira da lei. Para o exercicio 2007, a cantidade será a correspondente ao anexo a este real decreto.

4. As contías sinaladas para o nivel mínimo de protección no anexo serán obxecto de actualización anual mediante real decreto, tendo en conta a actualización aplicada ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

5. A Administración xeral do Estado fará efectiva ás comunidades autónomas as cantidades que procedan en función do número de beneficiarios recoñecidos en situación de dependencia con dereito a prestacións, tendo en conta para isto o seu grao e nivel e a data de efectividade do seu recoñecemento. Os créditos necesarios para esta finalidade liberaranse mensualmente por doceavas partes segundo o número de beneficiarios con dereito a prestación, procedéndose á súa regularización con carácter trimestral. Para isto, as comunidades autónomas informarán a Administración xeral do Estado das resolucións de recoñecemento adoptadas, ben como do grao e nivel dos beneficiarios, a través da conexión á rede de comunicacións e servizos telemáticos do sistema.

Disposición adicional única. *Ceuta e Melilla.*

1. A Administración xeral do Estado asumirá as funcións de planificación, ordenación, dirección e xestión do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, ben como o financiamento correspondente ao nivel mínimo de protección nas cidades de Ceuta e Melilla.

2. De conformidade co previsto na disposición adicional décimo primeira da Lei 39/2006, o Ministerio de

Traballo e Asuntos Sociais e as cidades de Ceuta e Melilla subscribirán acordos sobre centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, a colaboración na xestión e o seu financiamento.

3. As cidades de Ceuta e Melilla poderán contribuír coa Administración do Estado na definición, financiamento e xestión dun nivel de protección adicional.

Disposición transitoria única. *Achega transitoria de fondos ás comunidades autónomas.*

Até seren acordados polo Consello Territorial os criterios para determinar a intensidade de protección dos servizos, a compatibilidade e incompatibilidade entre eles, as condicións e contías das prestacións económicas e os criterios de participación dos beneficiarios no custo dos servizos, o Goberno achegará á comunidade autónoma as cantidades previstas no anexo, sempre que exista un recoñecemento da situación de dependencia e o beneficiario estea a recibir servizos ou prestacións económicas de dependencia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

*Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».*

Dado en Madrid o 11 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos  
Sociais,

JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

## ANEXO

### Expresión cuantificada dos niveis de protección do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia

Grao e nivel	Mínimo de protección garantido (artigo 3 do Real decreto) - Euros	Achega total máxima estimada da Administración xeral do Estado, (en media por beneficiario e mes) - Euros	Media estimada do total da achega das administracións públicas por beneficiario e mes correspondente aos niveis mínimo e acordado - Euros
Grao III Gran dependencia. Nivel 2 . . . . .	250	507	1.014
Grao III Gran dependencia. Nivel 1 . . . . .	170	387	774

**9690** *REAL DECRETO 615 /2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia. («BOE» 114, do 12-5-2007.)*

O artigo 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ao regular a prestación económica para coidados no medio familiar e apoio a coidadores non profesionais, establece no seu número 3 que o coidador se deberá axustar ás normas sobre afiliación, alta e cotización á Seguridade Social que se determinen regulamentariamente. Así mesmo, na disposición adicio-

nal cuarta da mencionada lei establécese que o Goberno determinará a incorporación á Seguridade Social dos coidadores non profesionais no réxime que lles corresponda, ben como os requisitos e procedemento de afiliación, alta e cotización.

O vixente ordenamento da Seguridade Social, para dar cumprimento ao mandado incluído na Lei 39/2006, do 14 de decembro, facilita o recurso ao instituto do convenio especial previsto no artigo 125.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, ao cal se deberán acoller os coidadores non profesionais para acceder á protección do sistema da Seguridade Social, en canto se